

ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS

O Pleno deste concello na sesión de 27 de xaneiro de 2005 aprobou inicialmente a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda. Mediante anuncio no B.O.P. número 33 de 17 de febreiro, foi exposta ó público por un prazo de 30 días hábiles, sen que durante o mesmo foran presentadas reclamacións, polo que se considera definitivamente aprobada. En consecuencia, en cumprimento do disposto polo artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Rexímen Local faise público o seu texto integro que é do seguinte tenor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o punto de vista administrativo, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de utilidade pública ou interese social, que pola súa transcendencia o lexislador veu a dotar dun réxime xurídico específico e un marco normativo básico común a tódalas Administracións mediante a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por tratarse dun réxime básico e aplicable a tódalas Administracións, resulta preciso adapta-lo mesmo ás especialidades propias de cada un dos Entes administrativos que van aplica-la Lei. A este obxecto, a propia Lei permite, no caso das Entidades Locais, que a adaptación se realice utilizando algunha destas tres vías:

- 1.— Aprobando unhas bases no marco das bases de execución do Presuposto.
- 2.— Mediante a aprobación dunha Ordenanza específica para os distintos tipos de subvención.
- 3.— Mediante a aprobación dunha Ordenanza Xeral de Subvencións.

O Concello de Silleda, en orde a dotar á actividade subvencional dun marco normativo estable, que permita aforrar custos procesais e ó mesmo tempo fomentar a seguridade xurídica nas relacións coa Administración, optou pola terceira das vías, de tal xeito que nesta Ordenanza se concreta o réxime básico da actividade subvencional do concello, especialmente no tocante ás relacións cos cidadáns, deixando determinados puntos de difícil concreción nunha norma xeral á posterior aprobación dunhas bases específicas para cada tipo de subvención que se convoque polo concello, sempre respetando o establecido nesta Ordenanza.

ARTIGO 1.—CONCEPTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polo concello de Silleda.

Terá a consideración de subvención toda disposición dineraria ou en especie realizada en favor dos suxeitos beneficiarios contemplados no artigo 2 desta Ordenanza que cumpra os seguintes requisitos:

- Que a entrega se realice sen contraprestación directa polos beneficiarios.
- Que a entrega esté suxeita á realización dunha actividade ou execución dun proxecto, debendo o beneficiario cumprilas obrigas materiais e formais que se establezan.
- Que a actividade ou proxecto subvencionados teñan por obxecto o fomento dunha finalidade de utilidade pública ou interese social.

A presente Ordenanza non será de aplicación ás aportacións dinerarias que o concello realice en favor doutras Administracións públicas, ás aportacións que se realicen ás asociacións previstas na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local así como as subvencións excluídas do ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo artigo 4 do citado texto legal.

ARTIGO 2.—CONTÍA DA SUBVENCIÓN E GASTOS SUBVENCIONABLES

1.—A contía individualizada da subvención ou os criterios para a súa determinación estableceranse nas bases reguladoras específicas para cada tipo de subvención.

En ningún caso o importe das subvencións poderá ser de tal contía que, aisladamente ou en concurrencia con outros ingresos, axudas ou subvencións supere o custo da actividade subvencionada. A tal efecto, as entregas de bens, dereitos ou servizos polo Concello a título gratuito, imputaranse ó importe subvencionado de acordo co seu prezo de adquisición ou custo de produción, sempre que se trate dos regulados no apartado 3 deste artigo.

Non poderán percibir outras subvencións do concello para financiar unha mesma actividade aquelas persoas ou entidades que xa teñan a condición de beneficiario de subvencións nun mesmo exercicio presupostario. Entenderase que as subvencións se afectan a unha mesma actividade cando o crédito que as financia proveña da mesma partida presupostaria.

2.—Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a mesma e, en todo caso, ata dous meses despois do seu remate.

Considerarase gasto realizado o que fora efectivamente pagado antes do remate do prazo sinalado no parágrafo anterior.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionados poderá ser superior ó de mercado. Se o concello apreciase que o custo de adquisición é manifestamente superior ó de mercado, procederá á redución proporcional da subvención en función dos prezos reais. A tal efecto, o Concello solicitará tres ofertas diferentes, e tomarase como valor real de mercado o da oferta intermedia, procedendo seguidamente a obter a proporción existente entre o custo xustificado e o custo a prezo real, reducindo o importe da subvención nesa porcentaxe, todo elo de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.—As entregas a título gratuito de bens ou dereitos rexeranse pola normativa patrimonial. Nembargantes, aplicarase esta Ordenanza no tocante ás obrigas formais e materiais dos beneficiarios cando se trate de adquisición de bens, dereitos ou servizos polo concello coa finalidade exclusiva de entregalos a un terceiro.

ARTIGO 3.—BENEFICIARIOS

1.—Terán a consideración de beneficiarios de subvencións as persoas físicas ou xurídicas que realicen a actividade ou proxecto que fundamenta o seu outorgamento ou que se atopen en situación lexítima para a súa concesión.

Tamén poderán ser beneficiarios de subvencións as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que aínda carecendo de personalidade xurídica poidan levar a cabo a actividade ou proxecto que motiva a concesión.

Cando se trate de agrupacións sen personalidade xurídica, deberán facerse constar tanto na solicitude como na resolución de concesión os compromisos de execución que asume cada un dos integrantes da mesma e o importe da subvención a aplicar, tendo todos eles a condición de beneficiario. Poderán obrigarse solidariamente ó cumprimento dos compromisos inherentes á subvención, respondendo neste caso tamén de xeito solidario.

En todo caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación para cumprir-las obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación.

A agrupación non poderá disolverse en tanto non transcorra o prazo de prescrición contido nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.—Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades nas que concurra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo que pola natureza da subvención se exceptúe na súa normativa

reguladora. No caso de agrupacións sen personalidade, non poderán acceder á condición de beneficiarios cando concorran algunha das anteriores circunstancias respecto dalgun dos seus membros.

A xustificación de non estar incurso nalguna das prohibicións para obter a condición de beneficiario poderase realizar mediante certificados telemáticos, testimonio xudicial ou certificación expedida por autoridade competente. Cando non sexa posible aportar estes documentos, poderanse substituír por declaración responsable outorgada perante a Secretaría do Concello.

3.—Os beneficiarios de subvencións quedan obrigados a:

- a) Realizar a actividade ou proxecto obxecto da subvención.

- b) Xustificar perante o órgano concedente a realización da actividade así como o cumprimento dos requisitos e condicións que fundamentasen a concesión ou disfrute da subvención.

- c) Someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo o órgano concedente ou calquera outro órgano de control competente, así como a facilitar tanta información lle sexa requerida en exercicio das actuacións anteriores.

- d) Comunicar a obtención doutras subvencións, ingresos ou recursos para a financiación da actividade subvencionada tan pronto como lle sexa coñecida, e en todo caso antes da xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

- e) Acreditar, antes de dictarse a proposta de resolución de concesión, que se atopa ao cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

- f) Dispoñer da documentación contable esixida nas disposicións aplicables a cada beneficiario.

- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control, e en todo caso en tanto non remate o prazo de prescripción contido nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

- h) Dar adecuada publicidade do carácter público da financiación das actividades ou programas obxecto da subvención.

- i) Procederá reintegro dos fondos percibidos nos supostos do artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións,

4.—En ningún caso poderá obter subvencións con cargo ó Presuposto do Concello de Silleda a persoa ou entidade que teña pendentes de xustificación subvencións anteriores.

ARTIGO 4.—PROCEDIMENTOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

1.—Con carácter xeral, a xestión das subvencións realizarase de acordo cos seguintes principios:

- Publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos.
- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

2.—O procedemento ordinario para a concesión de subvencións será o de concurrencia competitiva, entendendo como tal o procedemento mediante o que a concesión se realiza por medio da comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nas bases reguladoras específicas para

cada tipo de subvención, co fin de adxudicar a aquelas que obtiveran maior valoración dacordo cos criterios citados. Poderase proceder ó prorrateo do importe máximo destinado a subvencións dentro da mesma partida presupostaria entre os distintos beneficiarios, sempre que con-corran circunstancias que así o xustifiquen, debendo constar éstas na resolución de concesión da subvención.

3.—De forma directa poderanse conceder as seguintes subvencións:

- a) As previstas nonfinativamente nos Presupostos do Concello.
- b) Aquelas que veñan impostas por unha norma con rango legal.
- c) Excepcionalmente, aquelas en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

O órgano competente para a concesión directa de subvencións determinarase dacordo cos criterios xerais de distribución de competencias establecidos pola Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e demais normativa concordante.

ARTIGO 5.—PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCURRENCIA COMPETITIVA

Previamente á convocatoria de subvencións en réxime de concurrencia competitiva, con suxección ó disposto nesta Ordenanza, o Pleno do Concello deberá aprobar as bases reguladoras específicas para as subvencións referidas ó crédito existente nunha mesma partida presupostaria, que deberán concretalos aspectos ás que se refire o artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Unha vez aprobadas estas bases, e publicadas no “Boletín Oficial” da provincia, terán vixencia para tódalas convocatorias que se fagan ó amparo da mesma partida.

Aprobadas as bases reguladoras, o procedemento iniciarase sempre de oficio, mediante a publicación dunha convocatoria co contido especificado no artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presentación de solicitudes polos interesados farase no prazo establecido na convocatoria, debendo acompañar cantos documentos sexan esixidos na mesma. En todo caso, deberán presentarse os seguintes documentos orixinais ou copia cotexada:

- C.I.F. ou N.I.F. do solicitante.
- Declaración do solicitante ou do seu representante legal de non atoparse inhabilitado para contratar coa Administración ou para obter subvencións da mesma, e de atoparse facultado para actuar en nome da persoa ou entidade.
- Certificación acreditativa de estar ó corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. A estes efectos, poderanse substituír as certificacións por declaración responsable do interesado, debéndose requeri-la certificación antes da proposta de resolución, quedando obrigado o interesado a presentala nun prazo non superior a quince días.
- Identificación de conta bancaria a nome do beneficiario onde se fará efectivo o importe da subvención.

Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos, requirirase ó interesado para a súa subsanación nun prazo máximo de dez días, indicando que de non facelo se entenderá que desiste da súa solicitude.

A avaliación das solicitudes e a proposta de resolución será efectuada por un órgano Colexiado que se determinará nas bases reguladoras. Unha vez elaborada a proposta de resolución notificarase ós interesados e abrirase un prazo de dez días para presentar alegacións. Examinadas éstas, formula-rase proposta de resolución definitiva ante o órgano competente para resolver, que se determinará na bases.

A resolución definitiva notificarase ou publica-rase dacordo co establecido nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A non resolución expresa do procedemento no prazo de tres meses lexitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

ARTIGO 6.—CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCÍONS

a) A concesión directa das subvencións previstas nominativamente nos Presupostos do concello instrumentarase a través de convenios, que deberán incorporar como mínimo o seguinte contido:

- Obxecto da actividade subvencionada.
- Exclusión, período de vixencia do convenio e réxime das prórrogas do mesmo, no seu caso.
- Condicións en que se debe realiza-la actividade subvencionada e mecanismos de control da mesma.
- Réxime de publicidade da financiación pública da actividade.

b) A concesión de subvencións que veñan impostas por unha norma con rango legal rexerese polo disposto nesta, e supletoriamente polo disposto nesta Ordenanza e demais normativa aplicable.

c) Excepcionalmente, poderán concederse de oficio subvencións con exclusión dos procesos de concurrencia sempre que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Nestes supostos a resolución de concesión deberá motivar a concurrencia destas circunstancias, suxeitándose polo demais a subvención ó previsto nesta Ordenanza.

ARTIGO 7.—XESTIÓN PRESUPOSTARIA DAS SUBVENCÍONS

1.—Previamente á convocatoria ou concesión directa da subvención deberá procederse á aprobación do gasto.

A resolución de concesión levará aparellado o compromiso do gasto. A carencia ou insuficiencia de crédito será causa de nulidade da resolución de concesión.

O recoñecemento da obriga e o pagamento da subvención realizarase unha vez xustificada a realización da actividade ou proxecto.

2.—Sen perxuízo do anterior, sempre que a natureza da subvención o xustifique e así se recoñeza na resolución de concesión, poderanse realizar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, a xeito de financiación necesaria para levar a cabo a actividade subvencionada.

Neste suposto, o beneficiario deberá depositar a disposición do concello unha cantidade equivalente ó catro por cento do importe da subvención, en concepto de garantía, Esta garantía será incautada polo concello no suposto de incumprimentos que den lugar á obriga de reintegro total da subvención.

3.—En ningún caso se procederá ó pago da subvención se o beneficiario non se atopa ó corrente nas súas obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, ou é deudor por resolución de procedencia de reintegro.

ARTIGO 8.—XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

1.—A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión revestirá a forma de conta xustificativa, e a súa presentación realizarase dentro do prazo de tres meses dende o remate da actividade.

A rendición da conta supón un acto obrigatorio para o beneficiario, e nela incluíranse, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto realizado ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

2.—A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:

- Unha memoria valorada da actividade ou proxecto realizados.
- Estado de ingresos, no que se especifiquen todos aqueles que directamente financiaron a actividade, incluso se son fondos propios, acreditando o seu importe, procedencia e gastos ós que se aplicaron.
- Estado de gastos, no que individualizadamente e dacordo co seu custe unitario figuren todos aqueles nos que se incorrera, acompañados do seu respectivo xustificante e dos documentos acreditativos do pago.
- Copia da resolución de concesión.
- Acreditación do cumprimento da obriga de publicidade do carácter público da financiación.
- Calquera outro que se esixa nas bases específicas ou na resolución de concesión.

3.—Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de eficacia probatoria equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

As facturas e demais xustificantes deberán suxeitarse ó establecido no Real Decreto 1496/2003, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

4.—O incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente levará aparelado o reintegro nas condicións previstas no artigo 9 desta Ordenanza.

ARTIGO 9.—REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS

1.—Procederá o reintegro parcial ou total das subvencións concedidas, coa esixencia, no seu caso, do interés de demora correspondente, naqueles supostos e nas condicións establecidas nos artigos 36 a 40 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. O órgano competente para esixi-lo reintegro será o órgano que concedeu a subvención.

2.—No suposto de incumprimentos parciais pouco significativos, dacordo co establecido no artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicaranse os seguintes criterios para determina-la cantidade a reintegrar:

a) No caso de incumprirse parcialmente o obxecto da subvención, procederase á redución proporcional desta en función da cantidade executada.

b) No suposto de incumprimento das obrigas de xustificación, procederase á redución da subvención en cinco puntos porcentuais por cada mes de demora, ata un máximo de doce meses, en que procederá o reintegro total.

c) Se non se tivesen adoptado as medidas de difusión do carácter público da financiación, procederase a valorar o custo das mesmas, núnorando a subvención nese importe.

3.—O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, por propia iniciativa do órgano competente, como consecuencia de petición razoada doutros órganos ou por denuncia. Tamén se iniciará como consecuencia do informe de control financeiro emitido pola Intervención do concello. O procedemento sustanciarase dacordo co establecido nos artigos 41 a 43 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e nel en todo caso deberá garantizarse o dereito de audiencia ó interesado.

ARTIGO 10.—CONTROL FINANCEIRO

O control financeiro das subvencións realizarase pola Intervención municipal, tendo por obxecto verificar os aspectos contidos no artigo 44 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, respecto dos beneficiarios, e, no seu caso, das entidades colaboradoras, todo isto sen perxuízo das funcións propias do Consello de Contas.

A realización de accións de control financeiro levarase a cabo previo acordo Plenario, no que se determinará o alcance das actuacións correspondentes.

Os procedementos de control verificaranse dacordo co establecido nos artigos 44 a 51 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

ARTIGO 11.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN

As infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións rexeranse polo disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN FINAL.—NORMATIVA SUPLETORIA E ENTRADA EN VIGOR

En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa estatal e autonómica aplicable ó réxime local.

A presente Ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor logo de transcurrido o prazo de quince días dende a súa publicación no "Boletín Oficial" da provincia.

En Silleda, a 22 de abril de 2005.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Viéitez.